

Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta

Modesto Hermida García

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMIDA GARCÍA, MODESTO (2011 [1986]). “Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta”. *Dorna*: 10, 101-103. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/91>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA GARCÍA, MODESTO (1986). “Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta”. *Dorna*: 10, 101-103.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LORENZO BALEIRÓN EN "GRIAL"

Salvador Lorenzana

Era Eusebio Lorenzo Baleirón un poeta mozo, cheo de soños e cobizas de porvir. O verso rosaliano, inspirado nas terras ás que o poeta pertencía, abalou quezais o seu nacer ó mundo da lírica. Rosalía estaba alí, popular e íntima, melancólica e festeira, galega e universal, anunciando camiños novos. "Pola banda de Laiño" abriu os ollos por vez primeira Lorenzo Baleirón no 1962. E seguiu a se mergullar despois nos mesmos escenarios que Rosalía frecuentara: Padrón, durante os anos de bachalerato, Santiago durante os cursos da licenciatura universitaria en Galego-Portugués.

Profesor nos Institutos de O Carballiño e Boiro, colaborador de revistas e xornais, membro do consello de redacción da revista "Dorna", Eusebio Lorenzo amosou ben axiña unha decidida vocación pola poesía. Aí están para acretalo eses dous libros reveladores da súa actividade creadora: *Os días olvidados* e *O corpo e as sombras*. Tamén, mesmo, na prosa narrativa, o *Libro das viaxes e dos soños*.

Nesta hora de homenaxe á memoria desta figura moza, tan ateigada de promesas, que vén de desaparecer, lembramo-lo su pulo xeneroso, a súa fina amizade. E na ocasión recordatoria estimamos oportuno traer aquí a referencia sumaria ás colaboracións na revista "Grial". Presentouse de primeiras ós lectores nas páxinas da publicación, con dous poemas moi do seu feitío: "Mencer en Compostela", e "Lenzo de amor para lembrar a soas".

Pero a partir de entón, o poeta, que foi ó ensaio sen perder a efusión lírica, andivo a se ocupar en "Grial" de temas crítico-informativos. Encetou este labor cun estudio sobre "Tradición e modernidade na obra poética de Iglesia Alvariño", aparecido no número 88 de devandita revista. Arrincaba nel do que deu en chamar dobre dimensión do poeta moderno. Sostiña despois que o autor da *Cómaros verdes* tencionou conxugar en preciosista harmonía de contrarios: o popular ou tradicional e o anovador ou moderno, o arco e a lira do seu tempo. Deseñaba deseguida os rasgos temático-estilísticos do poeta humanista e paisaxista nado na montaña luguesa. Segundo Lorenzo Baleirón, a creación artística viña ser, para Aquilino, a aplicación de novos estímulos, dunha nova sensibilidade, ás vellas formas que o tempo e a poesía foran xerando.

Noutro traballo, adicado este á produción en verso de Álvaro Cunqueiro, analizou con agudeza unha das importantes características poéticas do escritor mindoniense, reflexada no seu último labor literario. Co título de "Para un estudio estilístico de *Herba aquí e acolá*, a comparación", aportou unha lúcida teoría interpretativa: a da transfiguración da obra creadora do poeta nun desenvolvemento lírico superior. Coa análise dese aspecto da creación cunqueirana, salientou tamén o punto ata onde chega e lingua de Álvaro Cunqueiro; pois invertiu temas literarios e galeguizou moitos elementos alleos á nosa cultura.

Un último ensaio aínda, figura entre os que Lorenzo Baleirón escribiu para a revista "Grial". Referímonos ó titulado "A poesía de Nuno Júdice. Notas para unha visión da poesía portuguesa actual". A familiaridade do autor coas novas

correntes literarias de alén-Miño, induciuno ó exame do seu significado. Ofreceu, así de comezo, unha breve pero clara presenza das promocións poéticas que polos anos setenta emprinciaron a aparecer en Portugal. É, mesmamente, Nuno Júdice quen personifica un dos momentos máis brillantes da poesía portuguesa de hoxe. No caso deste poeta, como no de Iglesia Alvariño e Cunqueiro, conxugou o escritor que homenaxeamos, unha liña de aquecida iluminación, cunha actitude de meditación para chegar ó exame necesario.

Non hai dúbida de que o xove escritor de Laíño, á par da súa vocación poética, caracterizouse polo seu entusiasmo de lector. E máis aínda, pola análise de crarexamento que andivo a facer das lecturas. Eusebio Lorenzo Baleirón foi un dos tipos eficientes do seu grupo xeracional. Resumía na súa persoa as notas do galeguismo máis auténtico, teimudo nas fidelidades e ardente na fé.

Moi longa é xa a lista dos amigos que perdemos para sempre. Finou Eusebio Lorenzo, ben prematuramente, deixándonos un exemplo de enteireza e de lealtade á súa terra e ós que fomos amigos seus, novos e vellos. Tamén unha amosa expresiva de amor ás letras foráneas e á cultura propia.

